SSSSSSSSSSSSSSSSSSSSSSSSSSSSS
OOOOOOOOOOOOOOOOOOOOO
NNNNNNNNNNNNNNNNNNNNNN
EEEEEEEEEEEEEEEEEEEEEEEEEE

TTTTTTTTTTTTTTTTTTTTTTTT
OOOOOOOOOOOOOOOOOOOOO
SSSSSSSSSSSSSSSSSSSSSSSSSSSSS
VVVVVVVVVVVVVVVVVVVVVVVV

IIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIII
SSSSSSSSSSSSSSSSSSSSSSSSSSSSS
UUUUUUUUUUUUUUUUUUUUU

AAAAAAAAAAAAAAAAAAAAAAAA
IIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIIII
SSSSSSSSSSSSSSSSSSSSSSSSSSSSS

José García
Mende - Ourense

# ÍNDICE

-Presentación

-Introdución

-Galería de sonetos

-Fichas técnicas

-Poetas participantes

d e

v i s u a l

p o e s í a

e n t r e

d e p a r t a m e n t o s

L i n g u a

L e n g u a

P l á s t i c a

. . . . . .

# Taller

2020, ano do confinamento

O soneto -do italiano *sonetto*, que deriva á súa vez del latín *sonus* "son"- é unha composición poética de orixe italiana cuxa invención se atribúe ao poeta siciliano Giacomo da Lentini, no século XIII. O uso da estrutura fixa dos sonetos estableceuse por influencia de grandes autores italianos como Dante e Petrarca, durante o Renacemento. A partir deste último autor o soneto revélase como a estrutura máis adecuada para a expresión do sentimento amoroso e esténdese ao resto de literaturas europeas converténdose na forma métrica máis usada, tamén noutras linguas e con outros temas.

En lingua castelá, desde o século XV cos sonetos "al itálico modo" do marqués de Santillana, pasando por Boscán, Garcilaso de la Vega e outros grandes poetas dos séculos de Ouro (Sor Juana Inés de la Cruz, Góngora, Quevedo, Lope de Vega, Calderón, Cervantes) até o Modernismo, o soneto tivo unha estrutura fixa.




Forma clásica do soneto explicada por Lope de Vega

Algunhas veces, no soneto clásico, os cuartetos poden ser substituídos por ***serventesios***: ABAB ABAB -esta era a forma preferida por Giacomo da Lentini-, moi usada tamén séculos despois no Modernismo. Pero hai outras moitas variantes: Cervantes, por exemplo, utilizou o ***soneto con estrambote*** -ao que se engaden tres versos graciosos finais, un heptasílabo que rima co verso anterior e dous hendecasílabos en pareado -; e o ***soneto dialogado*** -no que dous interlocutores manteñen unha conversa-; no neoclasicismo e o romanticismo decaeu o uso do soneto, pero no modernismo prodúcese unha renovación desta composición con combinacións ABAB ABAB e ABBA CDDC nos cuartetos e outras innovacións métricas: utilízanse ***versos de outras medidas*** desde trisílabos até hexadecasílabos, aínda que os máis utilizados son os alexandrinos; aparecen ***sonetos polimétricos***, que empregan nun mesmo poema versos de diferente medida; o ***soneto de trece versos*** -sen o último verso- e o ***soneto de arte menor.*** Posteriormente, algúns poetas, como Jorge Luis Borges, cultivan o ***soneto inglés o soneto shakespeariano***, que consta de tres cuartetos e un pareado final, ou ben escriben ***sonetos sen rima***, como Pablo Neruda.

O soneto con estas e outras variantes -***soneto con rima asonante*** , ***soneto continuo*** -coa mesma rima en todas as estrofas-, ***soneto invertido*** -no que os tercetos preceden aos cuartetos- ... mantivo a súa vitalidade de forma irregular durante o século XX e non faltan, a comezos do século XXI, autores que continúan compoñendo poesía con esta forma métrica.

En xeral, a regularidade e simetría desta composición leva a estudosos da literatura como Wolfgang Kayser a incidir nos seus compoñentes construtivos: o soneto como un curioso modo de edificación verbal que atribúe a cada parte a súas funcións pensando no resultado final, no conxunto. Deste valor como creación espacial deriva o seu alto compoñente visual que, en palabras de Gabriel Celaya, é unha das súas características principais: "un soneto ten algo de caligrama "avant la lettre." A súa estrutura vese tanto como se oe, ou quizais vese, máis que se oe." Polo tanto o visual e o construtivo fúndense no soneto. Cando o poeta amplía o campo de actuación e se atreve con outros códigos, máis alá da linguaxe verbal, chega ao ***soneto visual***, nunha simbiose perfecta de dúas expresións artísticas distintas, poesía e imaxe. Este catálogo recolle as imaxes do obradoiro teórico-práctico onde aplicamos a teoría literaria á imaxe plástica.

# GALERÍA DE SONETOS



*Soneto artístico*



Cociña-ArteArte-Cociña



*Caricias mariñas*



De entroido




Doce soneto



Soneto envolto




Nova orde nas novas



Soneto otoñal



Soneto para reciclar




*Soneto paradóxalmente visual*




Soneto pintoso



*Pintura rupestre*



*Puntas mariñas*



*Soneto rescatado do lume*




Soneto revelado



*Senta*



*Sorbendo palabras*



Sutil soneto

## FICHAS TÉCNICAS

*Soneto artistico*
Pintura á auga sobre papel
Soneto clásico con tercetos encadeados: ABBA ABBA CDC DCD

*Cociña-ArteArte-Cociña*
Técnica mixta
Soneto clásico + soneto invertido: ABBA ABBA CDE CDE + CDE CDE ABBA ABBA

*Caricias mariñas*
Plumas, cunchas e cinsa
Soneto con cuartetos "de rima independente" e tercetos encadeados: ABBA CDDC EFE FEF

*De entriodo*
Colaxe
Soneto clásico con tercetos encadeados: ABBA ABBA CDC DCD.

*Doce soneto*
Colaxe
Soneto clásico con tercetos encadeados: ABBA ABBA CDC DCD

*Soneto envolto*
Ceras e tubos de plástico
Soneto clásico con tercetos encadeados: ABBA ABBA CDC DCD.

*Nova orde nas novas*
Ceras sobre xornal
Estrofas de rima independente: ABBA CDDC EFE GHG.

*Soneto otoñal*
Follas secas, ventá e pintura á auga
Soneto clásico con tercetos encadeados: ABBA ABBA CDC CDC.

*Soneto para reciclar*
Vasos usados
Soneto contínuo -con versos monorrimos-: AAAA AAAA AAA AAA.

*Soneto paradóxalmente visual*
Braille e rotulador
Soneto clásico con tercetos encadeados: ABBA ABBA CDC DCD.

*Soneto pintoso*
Técnica mixta
Soneto clásico con tercetos encadeados: ABBA ABBA CDC DCD.

*Pintura rupestre*
Paletas e linóleos
Soneto con tercetos monorrimos: ABBA ABBA CCC CCC.

*Puntas mariñas*
Cunchas, cinsa e cravos
Cuarteto + serventesio + tercetos de rima ABAB ABBA CDC CED (en base as direccións das puntas e cunchas e as cores)

*Soneto rescatado do lume*
Funtas, cinsa e foco
Soneto clásico con tercetos encadeados: ABBA ABBA CDC DCD.

*Soneto revelado*
Colaxe
Cuarteto + serventesio + tercetos independentes: ABBA CDCD EFE GHG

*Senta*
Banquetas e as cadeiras
Soneto clásico con tercetos encadeados: ABBA ABBA CDC CDC

*Sorbendo palabras*
Técnica mixta
Soneto clásico con tercetos encadeados: ABBA ABBA CDC DCD (predominando a interpretación conceptual, obviando a cor dos lápices e referíndonos só a materiais)

*Sutil soneto*
Técnica mixta sobre papel
Soneto clásico con tercetos encadeados: ABBA ABBA CDC DCD

POETAS:

Non vos sorprenda ver máis poetas que poemas, traballamos en grupo.

Álvarez Iglesias, Vera
Ansia Poma Daniela
Aviñoá Vázquez, Lucía
Blanco Gómez, Lucía
Carballo García, Yago
Carballo Gonzalez, Lucía
Da Silva Gómez, Alexandra
Falivena Bueno, Alexandro
Feijoo Rodríguez, Marcial
Ferro Álvarez, Borja
Fuentes Pérez, Ainhoa
Gallo Varela, Matías
González Crespo, Ana Isabel
González Pinto, Alejandro
Mellado González, Álex
Mora Seijas, Wuilliams David
Pato Fernández, María
Penedo Fuertes, Pablo
Pérez Díaz, Diego
Pérez Ferrero, Yadira
Rodríguez González, Gabriel
Rodríguez Naval, Coral

Alonso Ansia, Lucas
Álvarez Jaimes, Susana
Álvarez Vázquez, Mauro
Cantón Nespereira, Miguel
Carid González, Iris
Fernández Blanco, Antonio
Ferreira dos Santos, Hugo D.
Formoso Rodríguez, Noa
González Sarmiento, Damián
Gutiérrez González, Lucía
Herrera Fidalgo, Andrea Patricia
Leguiçano Rguez, Nadir
Malvesado Rodríguez,Jesús
Mellado González, Nicolás
Nóvoa Araújo, Rubén
Paneque Arias, Iago
Panero del Rio, Joel
Rodríguez Alonso, Xosé Manuel
Torres Fernández, Rafael
Pardevila Pousa, Paula
Rosas Rego, Ángel A.

Este obradoiro realizouse
no CPI José García García
no mes de febreiro de 2020
e o catálogo editouse
en maio do mesmo ano
durante o estado de alarma